

DO SON E MOVEMENTO Á LINGUAXE MUSICAL

M^a Jesús Suárez Sixto

OBXECTIVO XERAL: Lectura musical a través da audición.

Esta actividade vai dirixida para o segundo ciclo de Educación Infantil, cunha temporalización quincenal e unha sesión semanal.

AUDICION: Souvenir de China (J. Michel Jarre).

MATERIAL:


- Caixa china.
- Triángulo.
- Pandeiro.
- Dúas cintas elásticas de diferente color.
- Cinta de cassette ou disco.
- Tocadiscos ou magnetófono.


OBXECTIVOS:


- Distinguir sons curtos/longos.
- Expresar esos sons corporalmente.
- Coñecer o compás de C ou $\frac{4}{4}$ e a súa medida.
- Le-las notas do pentagrama.
- Analizá-la audición musical. Forma.


CONCEPTOS:


— Compás de C ó $\frac{4}{4}$

— Calderón. 

— Puntillo. 

— Alteracións. 

— Signo de repetición. 



PROCEDEMENTOS:

- Tomar conciencia do esquema corporal.
- Coordinación de movementos, lateralidade e equilibrio.
- Estimulación da creatividade, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado.

ACTITUDES, VALORES E NORMAS:

- Disfrute comunicándose cos demais a través do movemento.
- Actitude de atención e relaxación na audición musical.
- Actitude de silencio para capta-las diferencias sonoras e os seus matices.

DESENROLO:

Partirase dos sons producidos pola caixa china e o triángulo.

O alumno/a debe percibir que a caixa china produce un son curto e o triángulo longo, pola diferente dinámica dos seus respectivos timbres.


Representarase graficamente.



Cunha sílaba (“dum” por exemplo) lerémo-la gráfica que o profesor/a irá sinalando no encerado.





A continuación representará os sons co corpo. O profesor/a tocará a caixa china e o alumno/a fará un movemento curto, seco.

Exemplo: 




O profesor/a toca o triángulo e o alumno/a fará un movemento amplo que non cesará ata que se deixe de percibir o son.

Exemplo: 



Seguiremos co estudio do compás de $\frac{4}{4}$ con movemento corporal. Un paso lento con ondulación corporal que durará catro palmadas (equivalente ós catro tempos de duración da redonda).

Figura redonda 

Catro tempos de duración

Palmadas x | x | x | x |



Complicarémolo con movementos de brazos, dando catro pasos ó mesmo tempo que os brazos marcan os catro tempos do compás.

1 tempo - brazos abaixo.

2 tempo - brazos cruzados diante.

3 tempo - brazos cara a fóra

4 tempo - brazos arriba




Acompañarase cun pandeiro que marcará con máis forza a primeira parte, por ser parte forte do compás.

EXPRESION CORPORAL (gravación)

A melodía da audición de S. Michel Jarre escollida para esta experiencia, préstase para a realización de movementos amplos (valor redonda) que o alumno/a realizará con facilidade.

A - Repártense as cintas elásticas e farán dous círculos. Cada círculo collerá con ámbalas mans a súa cinta.

B- Despois intercalaranse coas cintas entre os dous círculos. Comenza a audición. O alumno/a deixarase levar pola música. O seu efecto será sorprendente, interesante e do mais creativo.




Linguaxe musical.

— Lectura e medida da obra obxecto de estudio.

1 - Nome das notas e a súa medida.

2- Seguindo a audición, medir.

3 - Seguindo a audición, medir e entonar.



Forma: $\overset{I}{\text{m}} \text{ AA } \text{m} \text{ AA } \text{volve ó 5}^\circ \text{ compás A } \overset{F}{\text{m}}$